


A Consellería deixa sen cubrir máis do 58% das licenzas por formación para o profesorado

A CIG-Ensino denuncia que a administración, logo de non convocar as licenzas por formación no pasado curso e de ofertar 500 meses para o actual, deixou sen outorgar 287 meses, o que supón só este ano un aforro de arredor de 750.000 euros que se poderían destinar á contratación de 95 docentes substitutos e substitutas.

Por modalidades a distribución das licenzas non autorizadas pola Consellería é a que segue:

- Modalidade 1a: 37 meses de 130 (28,46%)
- Modalidade 1b: 65 meses de 170 (38,24%)
- Modalidade 2: 118 meses de 130 (90,77%)
- Modalidade 3: 67 meses de 70 (95,71%)



O resultado da decisión da administración educativa é que se adjudicara **arredor dun 40% dos meses ofertados, centrándose a cobertura maioritaria nas modalidades 2 e 3**. En resposta á petición de aclaracións por parte da CIG-Ensino ante este feito, os cargos educativos indicaron que os proxectos que presenta o profesorado carecen da calidade necesaria e que, en aras da súa responsabilidade, non pode adjudicar os meses.

Para a CIG-Ensino é unha resposta difícil de aceptar se temos en conta que algún dos proxectos obtiveron unha puntuación dun 11,90 ou dun 11,88 cando a puntuación mínima era de 12 puntos. A CIG-Ensino solicitou que se atendesen as reclamacións aos proxectos, especialmente daqueles tan

próximos á puntuación mínima e a administración respondeu ratificándose absolutamente en todas as puntuacións outorgadas inicialmente, desoíndo por completo todas e cada unha das numerosas reclamacións. Na CIG-Ensino recibimos múltiples consultas arredor deste asunto que provocou un grande descontento entre o profesorado afectado. O sentimento que este nos trasladou é o de **sentirse menosprezado e enredado por parte da Consellería que ofrece un recurso para logo non dalo**; unha tomadura de pelo a un profesorado que se molesta e esforza en preparar o seu proxecto nun final de curso xa de seu abafante de traballo e burocracia.

Reclamacións a cegas por falta de transparencia na avaliación dos proxectos

Na convocatoria podemos ler que *"É requisito alcanzar, como mínimo, o 50% da puntuación de cada alínea e un mínimo do 60% do total para poder optar a unha licenza."* Sendo así, parece necesario que se presentara a puntuación desagregada por cada un dos apartados para poder realizar unha reclamación coherente. Tal como se ofrece a puntuación na resolución provisional, o profesorado pode reclamar ao seu proxecto pero totalmente a cegas xa que a Consellería só permite ao profesorado e á representación sindical acceder aos proxectos sen anotacións de ningún tipo. Desta maneira é imposible

saber como reclamar porque tampouco se sabe que é o que segundo a comisión de valoración non é correcto ou axeitado. **A transparencia que debía caracterizar este proceso selectivo, xa que logo, non existe.**

Como premio de consolación, iso si, a Consellería ofrece a posibilidade de revisar o proxecto coa persoa correctora unha vez rematado o proceso (é dicir, sen posibilidade de corrixilo para a presente convocatoria) e mesmo di que ofertará un curso para aquelas persoas que queiran aprender a realizar un proxecto. Agardamos por esa convocatoria de curso e tamén agardamos que as persoas que asistan a tales cursos non volvan obter un suspenso por parte da administración en futuras convocatorias porque a responsabilidade está claro que non será delas.

Por outro lado, advertimos que **hai determinadas temáticas como é o caso da de igualdade na que nin unha soa persoa acadou a licenza para realizar materiais para módulos que non existen nesta área.** Desde a CIG-Ensino solicitamos que ao lado do nome das persoas que acadaron as licenzas apareza publicado o tema da mesma en aras desa transparencia. A Consellería indicou que o faría.

Aforro de 750.000 euros

De tremenda inxenuidade nos parece crer que os malos proxectos son os causantes de tal desfeita, máis ben parece que, unha vez máis, se aplica un **criterio economicista.** Estamos ante unha Consellería que aplica a mesquindade, como soe facer cando se trata de mellorar os servizos públicos. Primerio o curso pasado non convoca licenzas por formación e no presente faino, en vista dos resultados, para acalar protestas e lavar as mans. Isto supón que non se crean materiais ben necesarios e que como consecuencia dos permisos para a súa elaboración non se chama a persoas das listaxes de substitución, polo que a que se resinte é de novo a calidade do ensino. Os recursos, como non, diríxense a actos como os da inauguración deste curso no que tan pouco se escatimou que deron mesmo para traer á raíña.

Nunhas contas rápidas **eses 287 meses que quedaron por adxudicar servirían para a contratación de 95 docentes substitutas** durante os 3 meses que dura aproximadamente unha licenza formativa. Se temos en conta o custe medio tanto de salarios como de cotizacións á seguridade social durante estes períodos de licenza estamos falando dun **aforro para a Xunta de preto de 750.000 euros.**

A CIG-Ensino segue a defender unha reforma da orde de licenzas e recuperar, entre outras, as licenzas tanto retribuídas como non retribuídas para ampliar estudos, anuladas polo PP.

A aposta da Consellaría pola FP é deixar tirado o seu profesorado

Alén disto, estes primeiros días de curso a CIG-Ensino recibiu numerosas queixas de docentes de FP que teñen que impartir cursos de especialización, o módulo de inglés técnico nos cursos de Dual ou sobre todo novos ciclos a distancia para os que **non existe ningún tipo de material, nin sequera o fornecido polo MEFP,** como é o caso do de Dietética e Nutrición cunha elevada demanda de matrícula. A Consellaría tiña que ter programado, en colaboración cos centros nos que se está a impartir esta oferta, a concesión de licenzas para o profesorado de FP que nalgúns casos xa coñecía que módulos ía impartir a finais do curso pasado. Ademais nesta modalidade, aínda que tamén na presencial, **non se cumpre a "recomendación" do Decreto do Plurilingüismo de que a metade dos módulos formativos se impartan en galego** porque a Consellaría non se molesta en traducir o material do MEFP nin concede licenzas para elaboralos no noso idioma.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal